

TEMA 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

Todas as linguas presentan unha forte tendencia á diversidade, especialmente no plano oral. A existencia dunha variedade estándar -a que se usa nos ámbitos formais, a que se describe nas gramáticas- contribúe a frear esa dispersión.

A construción da variedade estándar é o que se coñece co nome de **normativización lingüística**: fixación dunha ortografía, unha gramática e un dicionario que sirvan de modelos cultos a imitar.

A maioría das linguas románicas fixeron este labor durante a Idade Media, cando o galego comezara xa a sufrir o proceso de minorización, polo que a nosa lingua non emprende esa tarefa -imprescindíbel para a súa **normalización social**- ata o s. XIX, cos autores do Rexurdimento.

Neste proceso de normativización podemos sinalar catro etapas:

a) **Galego popularizante** (ata fins do s. XIX). Non existe realmente unha intención normativizadora (Pondal foi o único autor consciente da súa necesidade), utilizan o galego oral no seu rexistro popular (o que se conserva), cheo de vulgarismos, castelanismos e dialectalismos.

b) **Galego enxebriante** (ata 1936). Os autores comezan a sentir a necesidade dunha norma escrita e inclínanse por un modelo diferencialista, que marque distancias co castelán. As características máis salientábeis son:

- Busca dun galego supradialectal.
- Eliminación de castelanismos.
- O portugués é o seu modelo de lingua culta.

c) **Galego protoestándar** (ata fins dos 70). Medra a conciencia da necesidade dun modelo culto que apoie a normalización do galego. Caracterízase sobre todo pola simplificación ortográfica (eliminación de apóstrofos, guións, acentos graves e cincunflexos).

d) **Galego estándar** (ata a actualidade). O mellor coñecemento lingüístico (grazas ás investigacións e estudos universitarios) axuda a atopar solucións apropiadas para as interferencias e desviacións que aparecían nas etapas anteriores. En 1982 a RAG e o ILG aprobaron as Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego, levemente reformadas en 2003.

As **interferencias** son o influxo dunha lingua sobre outra, frecuente en situacións de contacto lingüístico e que afectan maioritariamente á lingua máis débil. Aparecen en todos os planos da lingua. Algúns exemplos:

- No plano **fónico**: Redución do sistema vocálico de 7 vogais a 5, eliminando a oposición entre semiabertas e semipechadas.
- No plano **morfolóxico**: cambio de xénero de determinados substantivos (*o ponte, *a sangue), seguindo a norma castelá, confusión dos pronomes TE/CHE, uso de tempos verbais compostos.
- No plano **sintáctico**: incorrecta colocación dos pronomes átonos.
- No plano **léxico** é onde máis abundan e responden a diferentes motivacións: prevalencia da palabra coincidente co castelán (**comprar** por *mercar*), restrición do significado, adoptando a palabra castelá para a realidade de maior prestixio (billa / *grifo), substitución da forma galega pola castelá (*arcilla por arxila, *tenedor por garfo...)

Chamámoslle **desviacións** a aquelas voces que non se axustan á normativa, ben porque non pertencen ao nivel culto (vulgarismos, dialectalismos), ben por non seren palabras de uso actual (arcaísmos), ben por seren inventos motivados indirectamente pola presión do castelán (hipergaleguismos).